



CONCELLO DE REDONDELA

R^a.: medioambiente/xrml

Esta Alcaldía, no exercicio da competencia sinalada no apartado e) do art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, apartado f) do art. 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, e art. 55 do RDLex. 781/1986, do 18 d abril, polo que se aprobou o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, vén en ditar o seguinte:

Bando

Obrigas dos posuidores de cans en relación coas vías e espazos públicos.

Nos últimos anos está a crecer de xeito constante o número de animais domésticos que se posúen non só nas zonas rurais senón en zonas residenciais urbanas. Unha das consecuencias foi o aumento do número de cans que circulan polas vías e espazos públicos da man dos seus posuidores, o cal está a ter un impacto nas condicións de salubridade e seguridade.

A normativa aprobada pola Xunta de Galicia e o Concello de Redondela establece con claridade a ineludible **obriga dos posuidores de cans de adoptar as medidas necesarias para impedir que os animais ensucien as vías e espazos públicos, causen molestias á veciñanza ou poñan en perigo a quen conviva no seu contorno.**

Concretamente **deberán recoller os excrementos que depositen en calquera lugar público e levalos en todo momento, e sen excepción, provistos con buceira e correa ou cadea.**

Coa finalidade de garantir o respecto a estas normas de convivencia a Policía Local realizará os necesarios controis de cumprimento e o Concello sancionará as infraccións que se produzan de acordo coa normativa de aplicación que prevé multas de ata 300,51 euros.

Redondela, 12 de marzo de 2012

O Alcalde

Javier Bas Corugeira

